

Enquisa de poboación activa. Cuarto trimestre de 2009

NOTA DE PRENSA

No cuarto trimestre de 2009 a taxa de paro sitúase no 12,9%

Activos

No cuarto trimestre de 2009 a poboación galega de 16 ou máis anos é de 2.386.000 persoas, das cales 1.307.300 clasifícanse como activas, o que sitúa a taxa de actividade no 54,8%. Con respecto ao trimestre anterior, o número de activos diminúe en 6.000 persoas o que trae consigo unha redución de tres décimas na taxa de actividade.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de activos diminúe en 16.800 persoas e a taxa de actividade baixa 0,6 puntos.

Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Cuarto trimestre de 2009

Miles de persoas e porcentaxes

	Dato do trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación de 16 ou máis anos	2.386,0	0,7	0,0	-2,4	-0,1
Activos	1.307,3	-6,0	-0,5	-16,8	-1,3
Ocupados	1.138,9	-12,2	-1,1	-56,2	-4,7
Parados	168,4	6,2	3,8	39,4	30,5
Inactivos	1.078,8	6,8	0,6	14,5	1,4

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Por sexo, a taxa de actividade masculina diminúe catro décimas con respecto ao terceiro trimestre de 2009 e sitúase no 62,1%. Pola súa banda, a taxa de actividade feminina diminúe unha décima ata acadar o 48,1%.

Poboación activa e taxas de actividade segundo o sexo. Galicia. Cuarto trimestre de 2009

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación activa					
Total	1.307,3	-6,0	-0,5	-16,8	-1,3
Homes	708,2	-4,5	-0,6	-14,2	-2,0
Mulleres	599,0	-1,5	-0,2	-2,6	-0,4
Taxa de actividade					
Total	54,8	-0,3	-	-0,6	-
Homes	62,1	-0,4	-	-1,2	-
Mulleres	48,1	-0,1	-	-0,1	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Ocupados

A ocupación baixa en 12.200 persoas no trimestre ata situarse nos 1.138.900 ocupados. A taxa de ocupación diminúe 6 décimas no cuarto trimestre de 2009 con respecto ao trimestre anterior.

Nos últimos doce meses o número de ocupados diminúe en 56.200 persoas o que supón unha redución do 4,7% do número de ocupados nun ano.

Por sexo, neste trimestre prodúcese unha baixada no número de homes ocupados (6.500 menos que no trimestre anterior) e no de mulleres (5.800 menos). Ao permanecer estable a poboación total de 16 ou máis anos, isto tradúcese nun descenso de 5 décimas tanto na taxa de ocupación masculina como na feminina.

Con respecto ao cuarto trimestre de 2008, o número de homes ocupados descende en 35.000 persoas e o de mulleres ocupadas en 21.300. En termos relativos, isto supón unha diminución interanual do 5,3% e do 4% respectivamente.

Poboación ocupada e taxas de ocupación segundo o sexo. Galica. Cuarto trimestre de 2009
Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior		
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	
Poboación ocupada						
Total	1.138,9	-12,2	-1,1	-56,2	-4,7	
Homes	624,1	-6,5	-1,0	-35,0	-5,3	
Mulleres	514,7	-5,8	-1,1	-21,3	-4,0	
Taxa de ocupación						
Total	47,7	-0,6	-	-2,3	-	
Homes	54,8	-0,5	-	-3,0	-	
Mulleres	41,3	-0,5	-	-1,7	-	

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Atendendo aos sectores de actividade económica (segundo a CNAE2009), o número de ocupados nos servizos diminúe en 1.200 persoas no trimestre, e sitúase en 750.400. Os ocupados na construción baixan en 1.800 persoas ata os 117.000. A agricultura e pesca perderon 4.100 traballadores e a industria 5.200.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de ocupados na industria cae un 12,7%, na construción un 4,2%, no sector servizos un 3% e na agricultura e pesca un 1%.

Poboación ocupada segundo sectores de actividade. Galicia. Cuarto trimestre de 2009
Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	1.138,9	-12,2	-1,1	-56,2	-4,7
Agricultura e pesca	88,6	-4,1	-4,4	-0,9	-1,0
Industria	182,9	-5,2	-2,8	-26,7	-12,7
Construción	117,0	-1,8	-1,5	-5,1	-4,2
Servizos	750,4	-1,2	-0,2	-23,4	-3,0

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Asalariados

En Galicia hai 892.300 asalariados no cuarto trimestre de 2009, 661.900 con contrato indefinido e os 230.400 restantes con contrato temporal. Con respecto ao trimestre anterior hai 11.800 asalariados menos, diminución que se debe a caída do número de asalariados con contrato temporal (17.600). Con respecto ao cuarto trimestre do ano anterior, increméntase o número

de asalariados con contrato indefinido (12.300 asalariados) e descende o de asalariados con contrato temporal (46.100).

A taxa de temporalidade, calculada como a porcentaxe de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados, baixa 1,6 puntos neste trimestre e chega ao 25,8%.

Poboación asalariada segundo tipo de contrato e taxa de temporalidade. Galicia. Cuarto trimestre de 2009

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación asalariada					
Total	892,3	-11,8	-1,3	-33,8	-3,6
Contrato indefinido	661,9	5,8	0,9	12,3	1,9
Contrato temporal	230,4	-17,6	-7,1	-46,1	-16,7
Taxa de temporalidade	25,8	-1,6	-	-4,0	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Parados

No cuarto trimestre de 2009 Galicia conta con 168.400 parados, 6.200 máis que no trimestre anterior. En termos relativos isto supón un incremento do 3,8%. A taxa de paro sobe 5 décimas e sitúase no 12,9%.

Con respecto ao cuarto trimestre do ano 2008, o número de parados aumenta en 39.400 persoas (un 30,5%) e a taxa de paro 3,2 puntos.

Este trimestre o paro sobe máis entre as mulleres (4.200 paradas máis) que entre os homes (2.000). O número total de homes parados é de 84.100 e o de mulleres 84.300. A taxa de paro masculina aumenta 4 décimas e sitúase no 11,9% e a feminina 8 décimas ata o 14,1%.

No tocante a variación interanual, o número de parados incrementábase en 20.800 persoas entre os homes (un 32,9% máis) e 18.600 entre as mulleres (un 28,3% máis).

Poboación parada e taxas de paro segundo o sexo. Galicia. Cuarto trimestre de 2009

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior		
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	
Poboación parada						
Total	168,4	6,2	3,8	39,4	30,5	
Homes	84,1	2,0	2,4	20,8	32,9	
Mulleres	84,3	4,2	5,2	18,6	28,3	
Taxa de paro						
Total	12,9	0,5	-	3,2	-	
Homes	11,9	0,4	-	3,1	-	
Mulleres	14,1	0,8	-	3,2	-	

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Atendendo aos grupos de idade, no cuarto trimestre de 2009 os parados baixan entre os mozos de 16 a 24 anos (3.700 parados menos que no trimestre anterior) e entre a poboación de 55 ou máis anos (1.000 parados menos). Entre a poboación de 25 a 54 anos aumentou en 10.900 parados.

Poboación parada segundo a idade. Galicia. Cuarto trimestre de 2009

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	168,4	6,2	3,8	39,4	30,5
De 16 a 24 anos	32,0	-3,7	-10,4	6,4	25,0
De 25 a 54 anos	123,5	10,9	9,7	30,9	33,4
De 55 ou máis anos	12,8	-1,0	-7,2	2,0	18,5

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Información provincial



Poboación segundo a relación coa actividade económica e taxas de actividade, ocupación e paro. Galicia e provincias. Cuarto trimestre de 2009

Miles de persoas e porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Poboación de 16 ou máis anos	2.386,0	980,7	306,0	288,9	810,4
Activos	1.307,3	561,1	151,1	135,2	459,7
Ocupados	1.138,9	496,2	135,6	118,3	388,9
Parados	168,4	65,0	15,5	17,0	70,9
Inactivos	1.078,8	419,6	154,9	153,7	350,7
Taxa de actividade	54,8	57,2	49,4	46,8	56,7
Taxa de ocupación	47,7	50,6	44,3	40,9	48,0
Taxa de paro	12,9	11,6	10,3	12,6	15,4

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

<http://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&tema=1020&actividad=9&idioma=ga>

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>